



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## **CONVOCATORIA DE BOLSAS DE COLABORACIÓN NO CENTRO DE CÁLCULO DA FACULDADE DE INFORMÁTICA**

A Universidade da Coruña fai pública a convocatoria de **sete (7) bolsas de colaboración para estudantes da Universidade da Coruña** en réxime de concorrencia competitiva.

### **1.- OBXECTO DAS BOLSAS**

O obxecto desta convocatoria é a adxudicación de 7 bolsas que permitan a formación teórica e práctica mediante a realización de actividades de apoio no Centro de Cálculo da Facultade de Informática.

A dotación económica total de cada bolsa é de 3.240 € brutos (360 €/mes). O financiamento farase con cargo á partida orzamentaria da Facultade de Informática, denominada: BOLSAS DE COLABORACIÓN NO CENTRO DE CÁLCULO DA FACULDADE DE INFORMÁTICA - 5050422D4800301.

### **2.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES.**

2.1.- Estar cursando estudos oficiais na Universidade da Coruña.

2.2.- Non exceder de 28 anos de idade durante o período de goce da bolsa.

2.3.- Non percibir ningunha axuda económica incompatible. Tampouco poderá realizarse ningunha actividade retribuída que supoña a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional.

2.4.- Non ter disfrutado de ningunha bolsa de colaboración por un período superior a 12 meses.

2.5.- Ter superado, como mínimo, o primeiro curso completo da titulación da Facultade de Informática na que está matriculado.

2.6.- Existir conexión entre a actividade obxecto da bolsa e o perfil académico de quen presenta a súa solicitude: estudantes matriculados nas diferentes titulacións da Facultade de Informática.

### **3.- FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES.**

As solicitudes presentaranse seguindo o modelo do ANEXO I e acompañadas inescusablemente da seguinte documentación:

- Unha copia do impreso de pago das taxas de matrícula do presente curso 2008/2009.
- Curriculum vitae da persoa solicitante coa documentación que o acredite.
- Certificación académica detallada (orixinal ou fotocopia), na que consten as cualificacións obtidas, as datas de obtención e o número de convocatorias investidas en cada materia.

- Declaración xurada de non contar con ningunha axuda económica incompatible nin realizar ningunha actividade retribuída. No caso de realizarse unha actividade retribuída, certificación da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de rendas, para os efectos de comprobar que non se obteñen ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional.

#### **4.- CONTÍA E PERÍODO**

O importe bruto de cada bolsa será de 3.240 € brutos (360 €/mes), ó que se lle aplicarán as retencións correspondentes.

Os pagos faranse con cargo á partida orzamentaria da Facultade de Informática denominada: BOLSAS DE COLABORACIÓN NO CENTRO DE CÁLCULO DA FACULTADE DE INFORMÁTICA - 5050422D4800301.

A axuda terá un período de disfrute de 9 meses, dende o 1 de setembro de 2009 ata o 31 de maio de 2010.

Se é o caso de que algún dos bolseiros decaia no seu dereito, a comisión de selección poderá propoñer ao suplente que figure con maior puntuación na lista confeccionada conforme ó punto 5 desta convocatoria.

A dedicación será de 10 horas semanais, de acordo co horario fixado pola Dirección do Centro e sen exceder as 4 horas diarias.

A aceptación da bolsa farase mediante documento asinado pola persoa interesada, no que se compromete a cumprir todas as condicións recollidas nesta convocatoria.

#### **5.- COMISIÓN DE SELECCIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

A Comisión de Selección estará constituída polos seguintes membros:

Presidente: *Alberto Valderruten*, decano

Secretario: *Carlos Dafonte*, vicedecano de recursos informáticos

Vocais: *Carlos Illanes*, Técnico Superior en Informática

*José E. Cribeiro*, alumno membro da Comisión de Recursos Informáticos

*Rodrigo Álvarez*, alumnomembro da Comisión de Recursos Informáticos

Criterios de avaliación:

- Expediente académico: 70% da puntuación global
- Coñecemento acreditado do galego: 5%
- Outros méritos:
  - Realización de cursos relacionados coa axuda: 20%
  - Experiencia profesional e prácticas en empresas: 5%

Só se valorarán os méritos que se acrediten documentalmente referidos á data de finalización de presentación de solicitudes.

Estas bolsas serán resoltas no prazo máximo de 10 días, contado a partir da data de finalización de presentación das solicitudes.

Contra esta resolución, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de reposición perante o reitor no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta

resolución na páxina web da Universidade da Coruña e da Facultade de Informática.

## **6.- OBRIGAS DOS SELECCIONADOS.**

Estas bolsas son incompatibles con calquera outra bolsa, salvo as que se convocan para axudas ao estudo. Todas as bolsas serán incompatibles con calquera actividade retribuída que supoña a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional.

As persoas bolseiras seleccionados realizarán as actividades que lles encomende a Dirección do Centro relacionadas coa colaboración nas diversas actividades que se desenvolven no Centro de Cálculo da Facultade de Informática. As persoas bolseiras comprométense a realizar a súa actividade seguindo as indicacións da Dirección do Centro.

O incumprimento por parte da persoa bolseira dalgunha das condicións recollidas nas presentes bases suporá a perda da bolsa concedida e mesmo o reintegro das cantidades percibidas.

Todas as baixas que se produciren antes do 26 de febreiro de 2010 serán substituídas pola seguinte persoa da relación que elaborará a comisión de selección.

As persoas bolseiras comprométense a presentar unha memoria antes do 14 de xuño de 2010 das actividades realizadas. O incumprimento desta obriga suporá a devolución da contía recibida.

A presente convocatoria debe ser integrada e interpretada ao abeiro do Regulamento de bolsas da Universidade da Coruña, aprobada na sesión do Consello de Goberno do 27 de setembro de 2007, modificado o 31 de outubro do mesmo ano.

## **7.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Rúa Maestranza 9, 15001 A Coruña), no Rexistro Auxiliar do Campus Elviña (Casa do Lagar, Campus de Elviña s/n, 15192 A Coruña), ou no Rexistro da Vicerreitoría do Campus de Ferrol (Rúa Dr. Vázquez Cabrera s/n. Esteiro. 15403 Ferrol) **antes das 13:30h do 17 de xullo de 2009.**

A Coruña, 22 de xuño de 2009

Asdo. SR. DECANO DA FACULTADE DE INFORMÁTICA

# ANEXO I

## SOLICITUDE DE BOLSA DE COLABORACIÓN NO CENTRO DE CÁLCULO DA FACULTADE DE INFORMÁTICA

PERÍODO SETEMBRO 2009 – MAIO 2010

NOME: \_\_\_\_\_

ENDEREZO DURANTE O CURSO: \_\_\_\_\_

POBOACIÓN: \_\_\_\_\_ CÓDIGO POSTAL: \_\_\_\_\_

TELÉFONO NA CORUÑA OU FAMILIAR: \_\_\_\_\_

ALUMNO DA ESCOLA/FACULTADE: \_\_\_\_\_

TITULACIÓN: \_\_\_\_\_

A CORUÑA, \_\_\_\_\_ DE XULLO DE 2009

ASDO.: \_\_\_\_\_

### DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- COPIA DO IMPRESO DE PAGO DAS TAXAS DE MATRICULA.
- COPIA DA CERTIFICACIÓN ACADÉMICA DETALLADA.
- CURRICULUM VITAE.
- DECLARACIÓN XURADA DE NON CONTAR CON AXUDA ECONÓMICA INCOMPATIBLE.
- CERTIFICACIÓN DA AXENCIA TRIBUTARIA DO SEU NIVEL DE RENDAS SE FOR O CASO.

SR. DECANO DA FACULTADE DE INFORMÁTICA

## **INFORME SOBRE AS ACTIVIDADES QUE REALIZAN OS BOLSEIROS DO CENTRO DE CÁLCULO DA FACULTADE DE INFORMÁTICA**

Comunícolle que os bolseiros teñen asignadas as seguintes actividades:

- Colaboración no desenvolvemento da páxina web da Facultade de Informática, en especial contidos relacionados co estudante tanto para a rede interna como Internet.

- Presentación dos recursos dispoñibles e o seu uso ós alumnos de primeiro curso das distintas titulacións que se imparten na facultade.

- Colaboración no desenvolvemento de aplicacións, e a súa documentación técnica asociada, para o acceso e xestión de recursos da facultade adicados ós estudantes.

- Formación nas distintas tecnoloxías empregadas no Centro de Cálculo, colaborando nas implantacións que no momento do disfrute se están a realizar.

Estas actividades veñen sendo dirixidas polo persoal do Centro de Cálculo e coordinadas polo Vicedecano de Recursos Informáticos do centro.

A Coruña, 22 de xuño de 2009  
decano da Facultade de Informática

Asdo.: Alberto Valderruten Vidal